

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15019301	CPI de San Vicente	A Baña	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua castelá e literatura	3º Pri.	4	140

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	35
4.2. Materiais e recursos didácticos	37
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	38
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	38
6. Medidas de atención á diversidade	39
7.1. Concreción dos elementos transversais	40
7.2. Actividades complementarias	41
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	42
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	43
9. Outros apartados	44

## 1. Introducción

A programación que se expón a continuación pretende guiar a práctica docente para o alumnado do 3º nivel do CPI de San Vicente de A Baña durante o ano académico 2023-2024, na materia de L. Castelá e Literatura

. Esta programación está baseada na LOMLOE (Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a lei 2/2006, do 3 de maio de educación) e no Decreto 155/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

O CPI de San Vicente de A Baña é un colexio rural da provincia da Coruña. Trátase dun centro cunha única liña en todos os niveis.

Este ano o terceiro nivel do segundo ciclo do noso colexio está formado por unha aula de 13 alumn@s. Dentro do grupo hai dúas nenas diagnosticadas de Altas Capacidades.

A lingua predominante no alumnado é o galego, factor que é desfavorable nesta materia, lingua castelá e literatura, xa que aos nenos e nenas lles custa expresarse correctamente nesta lingua, mezclando ambas as linguas cooficiais cando están redactando.

A área de lingua castelá e literatura ten que abordarse de xeito práctico, de tal maneira que permita conectar as aprendizaxes que adquire o alumnado co seu contexto próximo, concedéndolle especial relevancia á vivencia, manipulación e experimentación, propoñendo ao alumnado situacións de aprendizaxe que propicien a adquisición de actitudes de perseveranza e colaboración, a exploración, a reflexión, o razoamento, o establecemento de conexións, a comunicación e a representación.

Serán necesarias metodoloxías (pequenos proxectos, planes de traballo, tarefas complexas) que favorezan a integración de áreas, a visión global dos sucesos, a investigación, o manexo de diversos recursos e fontes, o intercambio respectuoso de ideas, a comparación de estratexias, a convivencia, a cooperación e a autorregulación da aprendizaxe; metodoloxías activas que fomenten no alumnado a curiosidade, as gañas de seguir aprendendo e xeren actividades socialmente relevantes.

O ensino da área ou materia de Lingua Castelá e Literatura ao longo da etapa de Educación Primaria ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado entendida en todas as súas vertentes, pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria.

Debe tamén aportarlle as ferramentas e coñecementos necesarios para desenvolverse satisfactoriamente en calquera situación comunicativa da vida familiar, social e profesional. Eses coñecementos son os que articulan os procesos de comprensión e expresión oral, por unha banda, e de comprensión e expresión escrita, pola outra. A estruturación do pensamento do ser humano faise a través da linguaxe, de aí que esa capacidade de comprender e de expresarse sexa o mellor e máis eficaz instrumento de aprendizaxe.

A estruturación do pensamento do ser humano faise a través da linguaxe, de aí que esa capacidade de comprender e de expresarse sexa o mellor e máis eficaz instrumento de aprendizaxe.

A área de Lingua Castelá e Literatura artículase en seis bloques:

-A lingua e os seus falantes.

-Comunicación oral.

-Comunicación escrita.

-Alfabetización mediática e informacional.

-Educación literaria.

-Reflexión sobre a lingua e os seus usos no marco de propostas de produción e comprensión de textos orais, escritos ou multimodais.

En cada unha das unidades deseñadas para esta programación inclúense contidos relativos a cada un destes bloques, que serán avaliados cos correspondentes criterios de avaliación.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	5	2	3	
OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.	1-4			3	1			1-2-3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.	1-2-4							1-2-3-4
OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

**Descrición:**
**3.1. Relación de unidades didácticas**

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Gota a gota	Lectura, entoación e comprensión. Expresar oralmente acontecementos propios. En que lingua nos expresamos habitualmente. Expresar expectativas. Letra, sílaba, palabra e oración. Sílaba tónica. Orde alfabética. O Dicionario. Grafías c, q. As adiviñas.	8	12	X		
2	La vuelta al mundo	Lectura, entoación e comprensión. Descrición de compañeiros, compañeiras e animais. Sinónimos e antónimos.	8	12	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	La vuelta al mundo	O punto (seguido e aparte). Uso das maiúsculas. Grafía g, j. O conto e a fábula.	8	12	X		
3	Historias del lejano Oriente	Lectura, entoación e comprensión. Descrición de lugares e obxectos. Os diminutivos e aumentativos. O nome, xénero e número. Palabras con r e rr. O uso da coma e os dous puntos. Publicidade e carteis.	9	11	X		
4	Sólido, líquido y gaseoso	Lectura, entoación e comprensión. Texto informativo, información das imaxes nun texto. Os artigos determinados. Palabras con y e ll. O uso dos signos de interrogación e exclamación. As lendas.	9	12	X		
5	Amelia tiene alas	Lectura, entoación e comprensión. Poesía divertida. Características da poesía (estrofa, verso, rima...) Poesía musicalizada, cancións. Os artigos indeterminados. Palabras con h.	8	11		X	
6	Tiempo de juglares	Lectura, entoación e comprensión. Texto instructivo. Noticias sobre o medio natural. Entrevista, saber preguntar e saber responder. O adxectivo. Palabras derivadas. Palabras con b/v.	8	12		X	
7	Por la ribera	Lectura, entoación e comprensión. Biografía, expresar datos propios e investigar sobre os datos doutras persoas. O debate, expresar a nosa opinión e respectar a dos demais. Palabras do mesmo campo semántico. Pronomes persoais. Palabras con mp e mb.	9	11		X	
8	Rodari, el fantástico	Lectura, entoación e comprensión. O teatro, textos teatralizados, o diálogo. Interpretación dun personaxe. Búsqueda de información sobre mulleres Premio Nobel e exposición oral da investigación. Investigación da igualdade no ámbito laboral. O verbo. Concordancia de persoa e número entre suxeito e verbo. Iniciación á acentuación de palabras (agudas, llanas, esdrúxulas). Palabras terminadas en z e d.	8	12		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	Dunas y más dunas	Texto narrativo Pronombres personales	9	12			X
10	Cuentos maravillosos	Texto poético La conjugación verbal Acentuación Antónimos	8	12			X
11	El país de los piensaversos	Texto poético Determinantes demostrativos Análisis morfológico	8	11			X
12	¡Arriba el telón!	Texto instructivo La oración Sujeto y predicado	8	12			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Gota a gota	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando o sentido global e a información relevante e integrando, de maneira acompañada, a información explícita.	Le e extrae a idea dun texto escrito adecuado ao nivel.	PE	60
CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.	Expresa feitos persoais acontecidos.		
CA5.7 - Producir, de maneira acompañada, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, recreando de maneira persoal os modelos dados.	Crea adiviñas a partir dun modelo dado cambiando palabras clave.		
CA6.2 - Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, iniciándose no uso de normas ortográficas sinxelas e adecuadas ao seu nivel, progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación.	Escribe un texto sinxelo e coherente, expresando cada idea nunha oración.		
CA6.4 - Revisar os textos propios e alleos, de maneira acompañada, a partir da observación, comparación e manipulación de palabras nun proceso de mellora na produción e comprensión de textos e mediante o uso guiado de dicionarios físicos ou dixitais.	Recoñece orde alfabética. Separa en sílabas.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais de Galicia, incluída unha primeira aproximación ás linguas de signos, identificando as empregadas no seu ámbito familiar.	Mostra respecto pola lingua que empregan os seus compañeiros/as. Identifica a lingua empregada.	TI	40
CA1.3 - Recoñecer as distintas linguas empregadas na súa contorna a través da interacción coas persoas próximas.	Recoñece a lingua empregada polo alumnado e profesorado.		
CA1.4 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios da comunicación.	Emprega un tono axeitado.		
CA2.3 - Identificar, de maneira acompañada, o contido de textos orais e multimodais diversos, valorando a información máis relevante.	Comprende o que escoita. Extrae a idea principal.		
CA2.6 - Expresarse con coherencia de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións.	Emprega o castelán na situación comunicativa que o require. Produce textos curtos coherentes.		
CA5.3 - Valorar os textos literarios e a literatura en xeral como fonte de lecer e información.	Aprecia a lectura de adiviñas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Biografía lingüística persoal e do seu centro educativo.</li> <li>- Valoración da diversidade da lingua na contorna e na nosa comunidade autónoma.</li> <li>- A diversidade etnocultural e lingüística como riqueza e ferramenta para achegarse á súa contorna.</li> <li>- Recoñecemento nas expresións verbais e non verbais da igualdade entre homes e mulleres.</li> <li>- Procesos: interacción oral</li> <li>- Interacción oral adecuada en situacións de aula, mobilizando estratexias básicas de cortesía lingüística e asertividade.</li> <li>- Procesos: comprensión oral</li> <li>- Comprensión global e específica e identificación das ideas máis relevantes de textos orais de diversa tipoloxía e procedentes de diversas fontes (gravacións, medios de comunicación, escoita oral de contos infantís).</li> <li>- Procesos: produción oral.</li> <li>- Produción de textos orais sinxelos de diferente tipoloxía. Pronuncia e entoación adecuadas.</li> <li>- Procesos: comprensión lectora.</li> <li>- Lectura individual ou acompañada de distintos tipos de textos, con entoación e ritmo adecuados ao desenvolvemento cognitivo.</li> <li>- Procesos: produción escrita</li> <li>- Aplicación das normas ortográficas básicas adecuadas ao seu desenvolvemento cognitivo e cohesión do texto: mantemento do tempo verbal, puntuación...</li> <li>- Produción de textos escritos e multimodais sinxelos, coherentes e con presentación coidada, utilizando en cada situación o modelo discursivo que corresponda.</li> <li>- Valoración dos textos literarios da literatura en xeral como vehículo de comunicación e recurso de lecer persoal.</li> </ul>



## Contidos

- Elaboración de textos con intención literaria, a partir de modelos dados ou recreando textos literarios.
- Creación de textos literarios sinxelos, en prosa ou en verso: contos, poemas, adiviñas, cancións e teatro.
- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons e letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas.
- Estratexias e técnicas elementais de recoñecemento da intención comunicativa e do uso guiado de dicionarios, en distintos soportes.
- Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.

UD	Título da UD	Duración
2	La vuelta al mundo	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade, ampliando os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Le e comprende un texto dado. Comprende o vocabulario traballado.	PE	60
CA3.7 - Elaborar textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, individuais ou colectivos, integrando recursos gráficos ou paratextuais que faciliten a comprensión do sentido global do texto.	Dadas catro ilustracións dun conto, escribe brevemente o que acontece en cada unha delas.		
CA4.5 - Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversos autores e autoras axustados aos seus gustos e intereses avanzados na construción da súa identidade lectora.	Le e responde preguntas sobre un texto dado.		
CA5.5 - Reproducir a partir de modelos dados textos literarios sinxelos, en prosa ou en verso, con sentido estético e creatividade: contos e poemas.	Completa un conto dado con coherencia e cohesión.		
CA6.2 - Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, iniciándose no uso de normas ortográficas sinxelas e adecuadas ao seu nivel, progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación.	Emprega correctamente o punto e seguido e aparte.		
CA6.5 - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Utiliza correctamente grafías g/j.		
CA6.6 - Progresar na adquisición de vocabulario a través dos textos.	Relaciona antónimos e sinónimos.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Respecta a diversidade e diferenzas de quen o/a rodea.	TI	40
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido.	Comprende o que escoita. Extrae a idea principal.		
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións cotiás.	A partir de temas tratados, incorpora novo vocabulario empregándoo.		
CA2.4 - Elaborar textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada, axustando o discurso á situación comunicativa e utilizando recursos non verbais básicos.	Describe a un/unha compañeira utilizando dúas características físicas e dúas de personalidade. Emprega un tono respectuoso.		
CA3.5 - Adquirir a eficacia lectora mediante unha planificación de mellora e o gusto pola lectura.	Le textos variados con velocidade e fluidez axeitadas á súa idade.		
CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e de centro para localizar libros axeitados ao seu gusto persoal e intereses.	Busca contos na biblioteca.		
CA5.3 - Valorar os textos literarios e a literatura en xeral como fonte de lecer e información.	Mostra interese polos textos literarios .		
CA5.6 - Escoitar e ler textos variados da literatura infantil universal, que recollan diversidade de autores e autoras, recoñecendo elementos básicos dos distintos xéneros literarios e interpretándoos e relacionándoos con outras manifestacións artísticas de maneira acompañada.	Escoita contos e fábulas e diferencia uns dos outros.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas, tendo unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Xéneros discursivos</li> <li>- Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo e exposición.</li> <li>- Interese pola ampliación de vocabulario para unha mellor comunicación oral.</li> <li>- Estratexias para a coherencia e a cohesión na produción e reprodución oral de textos.</li> <li>- Procesos: comprensión oral</li> <li>- Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais, especialmente xestos e ton de voz que incidan no significado da mensaxe que se quere transmitir.</li> <li>- Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel, que estimulen o interese e os gustos.</li> <li>- Procesos: produción oral.</li> <li>- Creación de textos orais utilizando unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.</li> <li>- Xéneros discursivos</li> </ul>

## Contidos

- Estratexias para a comprensión lectora de textos sinxelos de diversa tipoloxía.
- Elementos básicos de contido (tema, léxico) e forma (estrutura, título, imaxes).
- Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo.
- Estratexias para a coherencia e a cohesión na produción e reprodución de textos escritos.
- Procesos: comprensión lectora.
- Lectura individual ou acompañada de distintos tipos de textos, con entoación e ritmo adecuados ao desenvolvemento cognitivo.
- Estratexias básicas de comprensión do sentido xeral e identificación das ideas máis relevantes de textos.
- Elementos gráficos, textuais e paratextuais sinxelos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Valoración da lectura como medio para ampliar o vocabulario progresando na consolidación dunha ortografía correcta.
- Comprensión de textos diversos, adecuados á súa idade, lidos en voz alta e en silencio, empregando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Procesos: produción escrita
- Aplicación das normas ortográficas básicas adecuadas ao seu desenvolvemento cognitivo e cohesión do texto: mantemento do tempo verbal, puntuación...
- Modelos e estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión de textos escritos sinxelos, en diferentes soportes (incluíndo os dixitais), con distintos propósitos comunicativos.
- Produción de textos escritos e multimodais sinxelos, coherentes e con presentación coidada, utilizando en cada situación o modelo discursivo que corresponda.
- Uso de elementos gráficos e paratextuais básicos que faciliten a organización e comprensión do texto.
- Utilización da biblioteca e os recursos dixitais da aula ou do centro como fonte de información, aprendizaxe e lecer.
- Construción da identidade lectora a través da lectura de textos adecuados aos seus intereses, procedentes de diversas fontes da información.
- Elementos constitutivos esenciais da obra literaria (tema, protagonista, personaxes secundarios).
- Relación entre os textos lidos e outras manifestacións artísticas e culturais.
- Creación de textos literarios sinxelos, en prosa ou en verso: contos, poemas, adiviñas, cancións e teatro.
- Os signos de puntuación elementais como mecanismos para organizar o texto escrito.
- Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás repeticións e sinónimos, á orde de oracións e parágrafos e aos diferentes conectores gramaticais e textuais explicativos.
- Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.

UD	Título da UD	Duración
3	Historias del lejano Oriente	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, aspectos formais e non verbais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido e estrutura, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.	Recoñece slogan de publicidade e carteis.	PE	65
CA3.7 - Elaborar textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, individuais ou colectivos, integrando recursos gráficos ou paratextuais que faciliten a comprensión do sentido global do texto.	Elabora slogan e imaxe alusiva.		
CA3.10 - Construír, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.	Razoa e emprega unha linguaxe non discriminatoria.		
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Compara e recoñece publicidade do mesmo ámbito en castelán e galego.		
CA6.3.1. - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre substantivos e adxectivos, a partir da observación, comparación e manipulación de palabras e enunciados, nun proceso acompañado de produción ou comprensión de textos en contextos significativos.	Emprega o adxectivo en concordancia co substantivo ao que acompaña.		
CA6.4 - Revisar os textos propios e alleos, de maneira acompañada, a partir da observación, comparación e manipulación de palabras nun proceso de mellora na produción e comprensión de textos e mediante o uso guiado de dicionarios físicos ou dixitais.	Recoñece aumentativos e diminutivos.		
CA6.5.1. - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais (substantivo) e as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Distingue xénero e número de substantivos. Aplica as normas de uso de r/rr. Utiliza a coma nas enumeracións.	TI	35
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Respecta a diversidade e diferenzas de quen o/a rodea.		
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido.	Comprende o que escoita. Extrae a idea principal.		
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións cotiás.	A partir de temas tratados, incorpora novo vocabulario empregándoo.		
CA2.4 - Elaborar textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada, axustando o discurso á situación comunicativa e utilizando recursos non verbais básicos.	Describe a un lugar ou un obxecto utilizando tres características. Emprega un tono respectuoso.		
CA4.1 - Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Compara publicidade de prensa escrita e televisión. Distingue unha diferenza.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura da información.	Identifica e discrimina informacións falsas.		
CA5.2 - Compartir a experiencia de lectura, en soportes diversos, mediante a realización de actividades literarias e participando en comunidades lectoras do ámbito escolar.	Participa en actividades de lectura.		
CA6.3 - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras (substantivos, adxectivos e verbos), a partir da observación, comparación e manipulación de palabras e enunciados, nun proceso acompañado de produción ou comprensión de textos en contextos significativos.		Baleiro	0
CA6.5 - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas, tendo unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Xéneros discursivos</li> <li>- Interese pola ampliación de vocabulario para unha mellor comunicación oral.</li> <li>- Estratexias para a coherencia e a cohesión na produción e reprodución oral de textos.</li> <li>- Procesos: comprensión oral</li> <li>- Comprensión global e específica e identificación das ideas máis relevantes de textos orais de diversa tipoloxía e procedentes de diversas fontes (gravacións, medios de comunicación, escoita oral de contos infantís).</li> <li>- Contexto</li> <li>- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo.</li> <li>- Xéneros discursivos</li> <li>- Elementos básicos de contido (tema, léxico) e forma (estrutura, título, imaxes).</li> <li>- Estratexias para a coherencia e a cohesión na produción e reprodución de textos escritos.</li> <li>- Procesos: comprensión lectora.</li> <li>- Elementos gráficos, textuais e paratextuais sinxelos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.</li> <li>- Comprensión de textos diversos, adecuados á súa idade, lidos en voz alta e en silencio, empregando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.</li> <li>- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónico.</li> <li>- Procesos: produción escrita</li> </ul>

## Contidos

- Aplicación das normas ortográficas básicas adecuadas ao seu desenvolvemento cognitivo e cohesión do texto: mantemento do tempo verbal, puntuación...
- Creación de textos utilizando a linguaxe con intención informativa: carteis, anuncios, pequenos cómics.
- Modelos e estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión de textos escritos sinxelos, en diferentes soportes (incluíndo os dixitais), con distintos propósitos comunicativos.
- Produción de textos escritos e multimodais sinxelos, coherentes e con presentación coidada, utilizando en cada situación o modelo discursivo que corresponda.
- Uso de elementos gráficos e paratextuais básicos que faciliten a organización e comprensión do texto.
- Valoración da propia produción escrita e da produción escrita dos compañeiros e compañeiras.
- Estratexias básicas na procura guiada da localización, selección e contraste de información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.
- Estratexias e técnicas para comparar e clasificar a información.
- Identificación e valoración crítica das mensaxes e da información recollidas e transmitidas de distintas fontes e de distintos tipos de texto.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura da información, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Construción da identidade lectora. Estratexias para a expresión de gustos e intereses.
- Estratexias básicas para a interpretación acompañada e compartida de obras, a través de conversacións literarias, participando activamente nas comunidades lectoras escolares.
- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Os signos de puntuación elementais como mecanismos para organizar o texto escrito.
- Estratexias para a elaboración guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico. Transformación de enunciados (substitución, cambio de orde, manipulación).
- Establecemento de xeneralizacións sobre aspectos lingüísticos elementais (xénero e número), prestando especial atención ás relacións que se establecen entre substantivos, adxectivos e verbos.
- Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras (substantivo, verbo, adxectivo, pronomes, artigos). Características e uso de cada clase de palabra.

UD	Título da UD	Duración
4	Sólido, líquido y gaseoso	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Utilizar estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía, identificando palabras clave e anticipando hipóteses.	Comprende e responde preguntas sobre un texto.	PE	70
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, seleccionado o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa e iniciarse, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación.	Escribe un texto sinxelo e coherente, expresando cada idea nunha oración.		
CA3.7 - Elaborar textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, individuais ou colectivos, integrando recursos gráficos ou paratextuais que faciliten a comprensión do sentido global do texto.	Escribe un texto sinxelo integrando recursos gráfico (ilustracións).		
CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.	Narra unha breve noticia dun feito acontecido próximo.		
CA3.10 - Construír, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.	Razoa e emprega unha linguaxe non discriminatoria.		
CA4.1 - Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Dadas dúas fontes, compara ,extrae información e evita duplicidades.		
CA5.7 - Producir, de maneira acompañada, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, recreando de maneira persoal os modelos dados.	Crea unha lenda sinxela, a partir dunha dada, cambiando palabras clave.		
CA6.5.2. - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais (artigos) e as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Recoñece os artigos determinados. Emprega as grafías ll/y con corrección.		
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido.	Comprende o que escoita. Extrae a idea principal.	TI	30
CA2.6 - Expresarse con coherencia de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións.	Emprega o castelán na situación comunicativa que o require. Produce textos curtos coherentes.		
CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e de centro para localizar libros axeitados ao seu gusto persoal e intereses.	Busca libros na biblioteca.		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura da información.	Identifica e discrimina informacións falsas.		
CA4.6 - Compartir oralmente a experiencia de lectura, participando, de forma acompañada ou autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Participa en actividades de exposición oral.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA5.2 - Compartir a experiencia de lectura, en soportes diversos, mediante a realización de actividades literarias e participando en comunidades lectoras do ámbito escolar.	Participa en actividades de lectura.		
CA6.5 - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Contexto</li> <li>- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo.</li> <li>- Xéneros discursivos</li> <li>- Estratexias para a coherencia e a cohesión na produción e reprodución oral de textos.</li> <li>- Procesos: interacción oral</li> <li>- Estratexias de interpretación de elementos básicos da comunicación non verbal.</li> <li>- Procesos: comprensión oral</li> <li>- Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais, especialmente xestos e ton de voz que incidan no significado da mensaxe que se quere transmitir.</li> <li>- Xéneros discursivos</li> <li>- Elementos básicos de contido (tema, léxico) e forma (estrutura, título, imaxes).</li> <li>- Estratexias para a coherencia e a cohesión na produción e reprodución de textos escritos.</li> <li>- Procesos: comprensión lectora.</li> <li>- Estratexias básicas de comprensión do sentido xeral e identificación das ideas máis relevantes de textos.</li> <li>- Estratexias básicas de uso de fontes documentais diversas, para mellorar a comprensión dos textos.</li> <li>- Valoración da lectura como medio para ampliar o vocabulario progresando na consolidación dunha ortografía correcta.</li> <li>- Procesos: produción escrita</li> <li>- Creación de textos utilizando a linguaxe con intención informativa: carteis, anuncios, pequenos cómics.</li> <li>- Modelos e estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión de textos escritos sinxelos, en diferentes soportes (incluíndo os dixitais), con distintos propósitos comunicativos.</li> <li>- Produción de textos escritos e multimodais sinxelos, coherentes e con presentación coidada, utilizando en cada situación o modelo discursivo que corresponda.</li> <li>- Estratexias básicas de uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a expresión escrita e a elaboración de textos.</li> <li>- Estratexias básicas na procura guiada da localización, selección e contraste de información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.</li> <li>- Estratexias e técnicas para comparar e clasificar a información.</li> </ul>



<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identificación e valoración crítica das mensaxes e da información recollidas e transmitidas de distintas fontes e de distintos tipos de texto.</li> <li>- Modelos explícitos para reelaborar a información.</li> <li>- Colaboración en comunidades lectoras de ámbito escolar a través de experiencias lectoras compartidas.</li> <li>- Construción da identidade lectora. Estratexias para a expresión de gustos e intereses.</li> <li>- Estratexias básicas para a interpretación acompañada e compartida de obras, a través de conversacións literarias, participando activamente nas comunidades lectoras escolares.</li> <li>- Os signos de puntuación elementais como mecanismos para organizar o texto escrito.</li> <li>- Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.</li> <li>- Recoñecemento das distintas clases de palabras (substantivo, verbo, adxectivo, pronomes, artigos). Características e uso de cada clase de palabra.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	Amelia tiene alas	11

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade, ampliando os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Le e comprende un texto dado. Comprende o vocabulario traballado.	PE	60
CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, aspectos formais e non verbais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido e estrutura, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.	Recoñece estrofas e versos de poesías dadas.		
CA5.5 - Reproducir a partir de modelos dados textos literarios sinxelos, en prosa ou en verso, con sentido estético e creatividade: contos e poemas.	Completa un poema dado con coherencia e cohesión.		
